


Os derradeiros poemas de Rosalía de Castro tal e como se publicaron en 1884

Rigorosa e coidada edición facsimilar que incorpora un limiar de María do Cebreiro Rábade Villar.



FICHA TÉCNICA: 184 pp. 14'5 x 21'5 cms. ISBN: 978-84-18567-20-9 PVP: 18,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, MAIO 2022.- Rescatamos, nunha coidada edición facsimilar, o derradeiro libro de Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar*, publicado orixinalmente en Madrid en 1884. Reproducimos fielmente aquela primeira edición e incorporamos un limiar da especialista María do Cebreiro Rábade Villar.

«A autora escoita e traduce a voz da natureza á linguaxe humana», afirma.

Rosalía de Castro é unha das primeiras poetas ecoloxistas de Europa.

Nos versos de «Los robles» ou «¡Jamás lo olvidaré...!» álzase rotunda na defensa da natureza e dun bosque, o do histórico e revolucionario Banquete de Conxo celebrado ao sur de Santiago de Compostela en 1856.

«Un libro sensible como poucos ás implicacións do vínculo entre natureza e a historia».

«Esta edición facsimilar ten a potencia de devolverlle á autora a súa soberanía».

«Malia o ton de indubidable desencanto que atravesa o libro desde o primeiro poema, os ideais políticos prevalecen sobre o desacougo».

MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE VILLAR

